



## **A VIDA DUN VOLUNTARIO NO CONCELLO DE ROIS**

**Cesáreo Grela Caínzos**

Rois é un concello moi grande, con moito voluntariado. En Rois somos 40 voluntarios e voluntarias, dos cales 15 somos os que máis participamos. Os traballadores do Concello de Rois son 25, son moi bos e quéroilles moito, e traballo moito con eles como voluntario. Tamén este goberno é moi bo comigo. A xente di que faga cursos para integrarme con outra xente, eso si que é verdade no voluntariado.



Hai 4 voluntarios discapacitados: Marcellino Romero Vidal, Isabel Reibás Varela, Lucía e eu, Cesáreo; as veces non nos vemos moito porque as aldeas están moi separadas dependendo das zonas imos uns ou outros. Isabel está na zona de Sorribas; Lucía na zona de Urdilde; eu na zona de Rois e Marcellino na zona de Casas do Porto.

Voluntariado o entendo como axuda, por exemplo, levar as bandeiras das distintas asociacións de discapacitados nos polideportivos de Padrón, Dodro e Rois. Son voluntario porque me gusta axudar a xente que o necesita; ser voluntario é cuestión de calidade, non de cantidade. Se fas moito e mal non vale a pena. Eu me sinto moi orgulloso de ser voluntario.

Levo 6 anos de voluntario, legalmente levo 2 anos. A idea veu da coordinadora Vanessa, moi boa rapaza. Naceu coa idea de axudar ás persoas maiores e resto de colectivos, axudar nas romarías, festas, actos culturais... As persoas maiores necesitan compañía para ir ao médico, á tenda...

En actividades deportivas, fai 2 anos que levo indo á carreira de Seira, como voluntario e participante tamén. En actividades culturais, actuei como voluntario para Ópera-Dous tenores na capela do Pazo de Antequreira.

Outro dos puntos é o medio natural; No Coto da Cabana de Comas, fai menos dun ano, houbo unha ruta de sendeirismo á que asistiron 40 persoas máis 6 voluntarios. Comeuse alí e o pasamos moi ben.

Outra actividade foi a visita dos voluntarios portugueses. Fixemos o Camiño de Santiago de Compostela, houbo visita á Catedral, fomos de compras...

En decembro/xaneiro deste ano axudei á biblioteca do Concello, que estaba en obras. Axudei a colocar baldas e todos os libros da biblioteca.

Realicei San Isidro Labrador, festa local do concello de Rois; obras de teatro nos baixos do colexio Dices- Rois; exposicións no salón de plenos do Concello e tamén na antiga Cámara Agraria; tamén se fixo o Antroido nos baixos do colexio, disfrazado na comparsa e levamos o segundo premio.

Tamén as actividades con discapacitados, con voluntario axudar en 2 anos a a.m.i.p.a., nun campionato de fútbol sala en Padrón.

O meu traballo tamén pasa por repartir bandos do concello por bares e tendas da zona máis próxima a onde resido.

Agora devolvémoslle a visita aos portugueses (do 15.o ao 17.o de xullo) e os convidamos de novo ao noso concello. Tamén lles amosamos os muiños de Silvarredonda, que aínda dan fariña de millo e centeo. Outras relacións que se van establecer nun futuro con outros países europeos, serán Francia, Alemaña e Italia.

Outra actividade foi acompañar a 50 nenos e nenas ao campo fútbol do Compostela (3 veces), así coma ao Deportivo á Coruña.

O día 7 de agosto, domingo, houbo noites de cine. Estivo Anayansi traballando e eu de voluntario. Viñeron 28 persoas a ver a película. Puideron ter vido máis nenos e nenas a vela (foi "Pinocho 3000 K"), que-os hai.

Hai que aproveitar este tipo de actuacións para asistir, porque é algo que fai o Concello de Rois e a Deputación de A Coruña para os veciños e veciñas.



O día 20 de agosto, despedimos aos 6 rapaces e rapazas do Sahara que estiveron no verán no Concello, en familias de acollida de Urdilde, Liñares, Rois e Sorribas. Houbo unha festa e a concelleira de asuntos sociais, Margarita, trouxo rosas e embutido para comer. Os tíos dos nenos saharauís fixeron o té como tradición do seu pobo. Veu a televisión de Galicia, que debido á descoordinación entre a cámara e a reporteira, tivo que gravar 2 veces en Sorribas.

Pola noite houbo cine, 'Los chicos del coro', e acudiron 65 persoas no Vía Crucis de Sorribas á beira da Escola Unitaria de Sorribas. Eu estiven esperando pola TVG así como axudando aos da Deputación a preparar o cine (montar as cadeiras, colocar á xente...).



As vacacións as collo tódolos anos no mes de agosto, pero como veredes, nunca as collo. Un dos dereitos por ser voluntario é a entrada gratuíta á piscina de Senra para facer uns largos que sentan moi ben..

O día 13 de agosto fun con Roberto a pagar cartéis de sendeirismo e do cine que se ía proxectar ó día 14 no adro da Igrexa de Urdilde. Anxo en agosto mandoume facer uns recados pendentes de trabalos anteriores. Tamén colaborei na recollida do material nas actividades programadas para os nenos/as

O día 1 de setembro estiven con Roberto a percorrer tódalas aldeas de Rois para poñer cartels para anunciar o II Día da Bicicleta, programado para o 10 de setembro, así como para anunciar a ruta de sendeirismo para o día 11. Por Antequera tamén peguei por bares e tendas.

En outubro, estiven de voluntario na Antiga Cámara Agraria de Rois para unha exposición de fotos antigas do programa de recuperación histórico- fotográfico de Rois. Fomos avisados os voluntarios para ensinar a xente do concello a exposición durante 15 días. Só estamos 5 voluntarios,de mañá ou de tarde. Eu estiven de voluntario polas mañás.

A Cámara Agraria está moi ben restaurado e fanse cursiños, exposicións... como a de San Isidro Labrador (tamén de fotos antigas), tamén de cadros e traballos de artistas do Concello.

Eu, Cesáreo, alégrome de ter escrito esto, que non pensei que o levaría a cabo. Moitas grazas e espero que desfrutarades da lectura.